

TÍTULO: O MOSAICO ROMANO E O PUNTO PLÁSTICO

INFORMACIÓN INTRODUTORIA:

Notas para o profesor: Este proxecto é unha tarefa a realizar na aula.

Autor/a: Marta González Pérez

E-mail: mgonper1@gmail.com

Escola: IES Mugardos

GRUPO OBXECTIVO: 1º ESO

MATERIAS relacionadas: Educación plástica ,visual e audiovisual.

OBXECTIVOS: Obxectivo principal (redactado de forma xeral)

Traballar elementos de expresión e comunicación da nosa linguaxe, desenvolvendo actividades e tarefas integradas, individuais e en grupo, baseadas na cultura romana como recoñecemento ao museo do Caldoval que está nas inmediacións do noso instituto coñecendo así parte do noso patrimonio artístico e cultural.

Subobxectivos: (específicos, 1, 2, 3, 4...)

- O punto, a liña e o plano.
- A textura e a cor.
- A composición e o ritmo.
- Técnicas artísticas.
- A imaxe e a comunicación visual.
- Elementos xeométricos fundamentais.

DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO:

- Preguntas de partida para detectar o que coñecen sobre o tema e o que lles gustaría saber:
 1. Qué é un punto na nosa linguaxe plástica?
 2. Qué coñeces do punto na arte?
 3. Qué che gustaría coñecer sobre o punto?
 4. Con qué materiais che gustaría facer o teu mosaico?
 5. Qué tema escollerías para o teu mosaico?
- Explicacións sobre o punto, a liña, o plano, a textura, a composición e o ritmo.
- Presentación de información sobre os mosaicos romanos.
- Selección dunha noticia para buscar unha imaxe que illustre dita noticia e que sirva para facela coa técnica do mosaico.
- Búsqueda dunha noticia persoal e cercana (do centro, do voso deporte favorito ...) para ilustrala cunha imaxe coa técnica do mosaico.

Utilización de la técnica da tormenta de ideas como proceso creativo para obter a imaxe.
- Bocetos: seleccionar as imaxes adecuadas(da tormenta de ideas anterior) para compoñer dúas imáxenes, deberás decidir cal che gusta máis e a esa darlle cor.

- Elaboración da maqueta do periódico para a nosa noticia. Haberá texto e imaxe. Resolverase coas plantillas.
- Explicación oral do esquema compositivo dalgúns imaxes de mosaicos romanos y explicación escrita do esquema compositivo da miña imaxe.
- Realización do mosaico.
- Reflexión escrita a través de diferentes preguntas sobre a tarefa, o que aprendín e as actitudes dentro do grupo.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE:

- EPVAB1.1.1. Identifica e valora a importancia do punto, a liña e o plano, analizando de xeito oral e escrito imaxes e producións gráfico plásticas propias e alleas.
- EPVAB1.2.2. Experimenta co punto, a liña e o plano co concepto de ritmo, aplicándoos de forma libre e espontánea.
- EPVAB1.4.1. Analiza, identifica e explica oralmente, por escrito e graficamente, o esquema compositivo básico de obras de arte e obras propias, atendendo aos conceptos de equilibrio, proporción e ritmo.
- EPVAB1.4.2. Realiza composicións básicas con diferentes técnicas segundo as propostas establecidas por escrito.
- EPVAB1.4.4. Representa obxectos illados e agrupados do natural ou do ámbito inmediato, proporcionándoos en relación coas súas características formais e en relación co seu ámbito.
- EPVAB1.7.1. Utiliza con propiedade as técnicas gráfico-plásticas coñecidas aplicándoas de forma axeitada ao obxectivo da actividade.
- EPVAB1.7.5. Crea co papel recortado formas abstractas e figurativas compóndoas con fins ilustrativos, decorativos ou comunicativos.
- EPVAB1.7.6. Aproveita materiais reciclados para a elaboración de obras de forma responsable co medio e aproveitando as súas calidades gráfico-plásticas.
- EPVAB1.7.7. Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto orde e estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.
- EPVAB3.2.1. Traza rectas paralelas, transversais e perpendiculares a outra dada, que pasen por puntos definidos, utilizando escuadra e cartabón con suficiente precisión.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

B1.1. Identificar os elementos configuradores da imaxe.

B1.2. Experimentar coas variacións formais do punto, o plano e a liña.

B1.4. Identificar e aplicar os conceptos de equilibrio, proporción e ritmo en composicións básicas.

B1.7. Coñecer e aplicar as posibilidades expresivas das técnicas gráfico-plásticas secas, húmidas e mixtas: témpera, lapis de grafito e de cor; colaxe.

B3.2. Construír distintos tipos de rectas, utilizando a escuadra e o cartabón, despois de repasar previamente estes conceptos.

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN:

Rúbrica cos seguinte itens:

- Búsqueda e selección da noticia e da imaxe para facer coa técnica do mosaico.
- Redacción do texto da miña propia noticia.
- Elaboración de bocetos.
- Elaboración da maqueta do periódico con plantillas.
- Explicación oral do esquema compositivo dalgunhas imaxes e da miña propia.
- Realización do produto final.
- Reflexión escrita sobre a terefa e sobre as actitudes do grupo.

COMPETENCIAS CLAVE:

CCEC

CSIEE

CCL

CSC

CMCCT

TEMPORALIZACIÓN (do conxunto das actividades):

Todo o curso.

BIBLIOGRAFÍA

http://www.educacionplastica.net/epv1eso/elementos_imagenes.html

<http://www.educacionplastica.net/epv1eso/composiciones.html>

<https://profecaevp.wordpress.com/2015/07/12/ritmo-visual/>

<https://profecaevp.wordpress.com/category/color-2/>

<https://profecaevp.wordpress.com/category/linea-2/>

<https://profecaevp.wordpress.com/category/mancha-2/>

<https://profecaevp.wordpress.com/category/punto-2/>